

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO E EFICIENCIA
NA CONTRATACIÓN**

A presente memoria se elabora en cumprimento do disposto no artigo 116 LCSP.

**CONTRATO DE OBRAS
EXPEDIENTE: 3248/2024**

**CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO E
ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE MELLORA
VIARIO TRAS DO CABALO E OUTROS. AGADER 2024-2025**

PODER ADXUDICADOR:			
ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE Concello de Ames	Órgano de Contratación: Xunta de Goberno Local	Número de Expediente	3248/2024
		Tipo de Procedemento	Aberto simplificado abreviado
		Publicidade:	SI
		Tipo de Contrato:	OBRAS
		Tramitación:	ORDINARIA
		Suxeito a Regulación Harmonizada ¹	NON
		Recurso Especial en Materia de Contratación ²	NON
Obxecto do contrato: Realización de obras de mellora viario Tras do Cabalo e outros. AGADER 2024-2025			
Código CPV: 45233251-3 Traballos de repavimentación			
PRAZO DE EXECUCIÓN ³: 6 MESES. Porén dadas as características da subvención AGADER con data 16.10.2024 terá que estar executado e xustificado o pagamento do 48,718 % correspondente a anualidade 2024		PRORROGAS: Non se contemplan	
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 454.61900			
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN	PARTE CORRESPONDENTE AO IVE (21%)	TOTAL ORZAMENTO BASE LICITACIÓN	
21.951,04 euros	4.609,72 euros	26.560,76 euros.	

¹ Estarán suxeitos a regulación harmonizada aqueles contratos cuxo valor estimado superen os 5.225.000,00 euros en obras e os 209.000 euros en servizos e subministrados

² Aqueles contratos cuxo valor estimado en obras sexa superior a 3.000.000,00 euros e en servizos e subministrados sexa superior a 100.000,00 euros.

³ A duración inicial do contrato será a prevista no proxecto para a execución das obras

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO⁴ (0 % de modificacións previstas no proxecto e 10% de aumento de medicións en certificación final: 2.195,10 euros)	24.146,14 euros
--	-----------------

O abaixo asinante, en relación co expediente descrito no cadro superior, e en cumprimento do disposto no artigo 28 (necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación) da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), informa:

1.- Fundamentos Xurídicos

Estas obras licítanse ao amparo do artigo 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (LBRL), que establece que *“para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, as Entidades Locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos públicos, obrigarse, interpoñer os recursos establecidos e exercer as accións previstas nas leis”*.

As actuacións contidas no proxecto teñen encaixe nas competencias municipais do artigo 25.2.d da lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos servizos de prestacións obrigatoria do artigo 26.1 LRBRL os municipios deberán prestar en todo caso os servizos seguintes: a) pavimentación de vías públicas e acceso os núcleos de poboación.

Trátase de un contrato de obras, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) *“1.- Son contratos de obras aqueles que teñan por obxecto un dos seguintes:*

- a) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización de algún dos traballos enumerados no anexo I.*
- b) A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza unha influencia decisiva no tipo ou o proxecto da obra.(.....)*

2.- Obxecto do contrato. División en lotes.

De conformidade co artigo 99.3 da LCSP en concordancia co establecido no artigo 46 da Directiva de Contratación, sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Neste expediente non se prevé a división en lotes. Consta no expediente informe do técnico do ciclo integral da auga, Esteban de la Fuente Rodríguez de data 29.04.2024.

3.- Características do contrato e cofinanciación.

⁴ O valor estimado do contrato incluírá os importes do orzamento base de licitación, das posibles prórrogas e do % de modificación do contrato)

Trátase dun contrato de obras que pretende a mellora de camiños municipais. En concreto as actuacións previstas no presente proxecto van encamiñadas ó mantemento de camiños municipais, tanto do firme existente como das súas marxes (limpeza e perfilación de noiros e cunetas), e que está cofinanciado pola Xunta de Galicia, concretamente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) ao abeiro da Resolución do 19.12.2023 (DOG nº 18 do 25.01.2024) pola que se aproba o Plan marco de mellora camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E).

O importe da achega concedida o concello é de 49.371,00 euros (para dúas obras), debendo asumir o concello o importe do IVE que neste proxecto de mellora de viario Tras do Cabalo e outros, ascende a 4.609,72 euros, sendo o importe total da actuación a realizar de 26.560,76 euros.

Con data do 16.10.2024 ten que estar xustificado o 48,718 % (10.694,55 €), máis 2.245,86 € de IVE, ascendendo o total a 12.940,41 € da actuación correspondente á anualidade 2024.

Con data do 30.05.2025 ten que estar xustificado o 51,282 % (11.256,49 €), máis 2.363,86 € de IVE, ascendendo o total a 13.620,35 € da actuación correspondente á anualidade 2025.

As anualidades a xustificar no ano 2024 e 2025 quedarían establecidas tal e como se distribúen no seguinte cadro:

	2024 (48,718 %)	2025 (51,282 %)	TOTAL
AGADER	10.694,55 euros	11.256,49 euros	21.951,04 euros
CONCELLO DE AMES	2.245,86 euros	2.363,86 euros	4.609,72 euros
	12.940,10 euros	13.620,66 euros	26.560,76 euros

4.- Insuficiencia de medios persoais e materiais

Este Concello carece de medios humanos e materiais necesarios para a execución deste tipo de obras.

5.- Xustificación do tipo de Procedemento.

Dadas as características da contratación e, en aras de garantir que a contratación se axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e de asegurar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e control de gasto, e ao mesmo tempo licitar no período de tempo mais curto posible, considerase idóneo que o procedemento de licitación se efectúe mediante procedemento aberto simplificado abreviado, (artigo 159.6 LCSP), 10 días hábiles para a presentación de ofertas e un único criterio de adjudicación, o prezo máis baixo.

Os concellos deberán licitar os proxectos nos termos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), e na demais normativa que rexe a

contratación para as entidades públicas locais.

2. No caso da contratación mediante o procedemento de contrato menor, (segundo o establecido no artigo 14.2 das bases publicadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento rural en data 25.01.2024 no DOG núm. 18) deberá terse en conta que:

- a) Deberán solicitarse tres ofertas a tres empresas distintas.
- b) As ofertas non poderán provir de empresas vinculadas entre si.
- c) As ofertas presentadas deberán ser auténticas e non de compracencia (contido idéntico, erros idénticos, aparencia sinxela, etc.) e deberán conter os elementos precisos para identificar as empresas ofertantes, con referencia cando menos, á data de expedición, enderezo e razón social da empresa e identificación do concello petionario.

6.- Prazo de duración e prorrogas

Se ben o proxecto recolle como prazo de execución o de **6 meses**, debido ás características desta axuda terá que estar executado e presentada a factura e a certificación antes do 06.10.2023, o **48,718** % de toda a actuación, xa que o Concello dispón de prazo para xustificar a execución correspondente á anualidade do 2024 ata o 16.10.2024.

7.- Criterios de adxudicación⁵

Dadas as características das actuacións, totalmente definidas no proxecto técnico, considerase máis axeitado acudir a un único criterio de adxudicación, o prezo.

8.- Modificación do contrato⁶

O contrato poderá modificarse por razóns de interese público, nos termos e condicións previstos na Lei 9/2017, de contratos do sector público. Non obstante, o proxecto non contemplan modificacións. Si resulta posible o aumento do 10% na medición final, extremo que xa foi contemplado no valor estimado do contrato.

9.- Orzamento base de licitación, IVE e Valor Estimado

O prezo do contrato ascende a 26.560,76 euros IVE incluído.

O orzamento base de licitación ascende a 21.951,04 euros

O IVE ascende a 4.609,72 euros

O 10% de aumento en medicións finais ascende a 2.195,10 euros.

As modificacións previstas son 0%.

⁵ Deberán de indicarse os criterios de adxudicación coa correspondente puntuación (criterios obxectivos e subxectivos)

⁶ Deberá indicarse a porcentaxe de modificación do contrato e as causas e circunstancias que pode levar a unha modificación do contrato, non podendo superar o 20% do prezo inicial do contrato (artigo 204 LCSP)

O seu valor estimado ascende a 24.146,14 euros

10.- **Urxencia na tramitación**⁷ (*motivar a urxencia*)

Neste expediente non procede a tramitación por vía de urxencia.

11.- **Condición especial de execución.**

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos una das condicións de execución que se detallan a continuación:

Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir á execución do contrato cunha dedicación mínima do 50%, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección do adxudicatario:

___ unha muller traballadora demandante de emprego

___ unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante o dezaioito meses anteriores á súa contratación

___ unha persoa nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego, a condición de que se atope en situación de desemprego polo menos nos tres meses anteriores a data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación.

Coa fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanelaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, aformigado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

Coa fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

Ames, agosto de 2024

O concelleiro delegado de Obras e Servizos Básicos
Gustavo Nieto Santiago.

⁷ O expediente tramitarase por urxencia cando responda a unha necesidade inaprazable e cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público, reducíndose a metade os prazos (artigo 119LCSP)